EXERCICIO DE APOIO – UNIDADE 5-

CUESTIÓNS

1. **Indica cal é a diferenza entre a lírica culta e a lírica popular.**
2. **Que é unha elexía? Cita algunha elexía relevante na poética galega.**
3. **Describe a forma do soneto.**
4. **Describe a forma do romance e pon exemplos de autores galegos que o cultivan.**
5. **Explica con que persoa se relaciona a voz poética ou punto de vista lírico denominado «Enunciación lírica». Esta pode concretarse en diferentes tipos segundo o desenvolvemento do poema, coméntaos.**

SOLUCIÓNS:

1. Indica cal é a diferenza entre a lírica culta e a lírica popular.

A lírica culta é aquela feita por un autor individual, que a ten como esmerada «creación» propia e que permanece inalterada ao longo do tempo. A lírica popular, comprende as obras que se transmiten de xeración en xeración, e non teñen unha forma definitiva e única, senón fluctuante e variada. Á forma que lle deu o primeiro autor, incorpóranse tamén os acertos e as torpezas de autores secundarios anónimos.

2. Que é unha elexía? Cita algunha elexía relevante na poética galega.

Unha elexía é un poema composto como consecuencia da morte ou da desgraza dos seres queridos. A temática é variada: triste, melancólica, sentimental, lánguida, fúnebre e desconsolada. Ramón Cabanillas escribiu «Na morte de Castelao».

3. Describe a forma do soneto.

Un soneto é unha composición de 14 versos divididos en catro estrofas (2 cuartetos e dous tercetos). O esquema clásico é: ABBA, ABBA, CDC, DCD. As variantes na rima dos tercetos son moitas. No soneto clásico os versos son hendecasílabos.

4. Describe a forma do romance e pon exemplos de autores galegos que o cultivan.

Un romance é unha serie ilimitada de versos octosilábicos con rima asonante nos pares (quedando libres os impares). Ramón Cabanillas, Celso Emilio Ferreiro e Eduardo Blanco Amor cultivaron o xénero. Os romances deste último lembran os feitos por Rosalía en *Cantares gallegos,* conxugando sabiamente tradición e renovación.

5. Explica con que persoa se relaciona a voz poética ou punto de vista lírico denominado «Enunciación lírica». Esta pode concretarse en diferentes tipos segundo o desenvolvemento do poema, coméntaos.

A enunciación lírica presenta un falante lírico en 3ª persoa. Esta pode concretarse en catro tipos diferentes: se o poeta describe un ser (os seus perfís inferiores e exteriores) que é o suxeito protagonista denomínase **RETRATO**; se describe de forma dinámica un espazo ou ámbito calquera denomínase **CADRO** ou **ESTAMPA**; tamén pode aparecer o breve desenvolvemento dunha anécdota nun contexto espazo-temporal, unha **ESCENA**; último tipo é o **EPISODIO**, o falante lírico pasa a ser un narrador e o contido central do poema dedícase ao relato dun suceso ou acontecemento.